



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na comisión I**, relativa á publicación de todo o expediente administrativo dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e organismos dependentes.

### Exposición de motivos

Tanto latricar sobre a transparencia para ao fin deitar tan pouca luz sobre os convenios asinados pola Xunta e os seus organismos dependentes. A Xunta de Galicia segue sen publicar a información completa do expediente administrativo de todas e cada unha das subvencións asinadas.

Pouca información e espaxada en diferentes sitios retratan o compromiso real da Xunta coa transparencia, que non é sino outra modalidade para nomear unha compoñente necesaria da democracia. Esta require información, toda a información, e nembargantes os nosos gobernantes filtran e gardan unha fracción desa información.

Cómpre a publicación non só do nome, data e cantidade do convenio asinado. Hogaño semella imperativo o acceso fácil e inmediato ao convenio e a totalidade do expediente que o xenera por parte da cidadanía. Desta maneira coñecendo a cidadanía pode facer valer os seus dereitos e fiscalizar a acción do goberno.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o ser debate na comisión I:



- O Parlamento Galego insta á Xunta a publicar a totalidade do expediente de todos e cada un dos convenios asinados pola Xunta e os seus organismos dependentes nun espazo de libre e fácil acceso para a cidadanía.

En Compostela, a 17 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 17/03/2015 11:30:54**